Compostela Cultura

Música

Primeiro semestre 2021

Ana Tijoux

ABE RÁBADE TRÍO

‘SORTE’

Teatro Principal
24 de febreiro
19.30 h

---

75 min
12 € (50% para colectivos habituais)

Abe Rábade, piano
Pablo Martín Caminero, contrabaixo
Bruno Pedroso, batería

Abe Rábade Trío presenta o seu novo disco, ‘Sorte’, conformado por 12 composicións orixinais. Coa suxerente idea-forza da Sorte como “grupo de elementos que emerxeron por medio do azar”, cada peza do álbum representa un estado de ánimo ou unha fonte magnética de inspiración.
O abano estético do material vai desde a música clásica ao blues, pasando pola influencia da música tradicional de Galiza, a experimentación tímbrica de vangarda e, por suposto, os elementos interactivos e espontáneos tan propios do jazz.

A estrutura de S O R T E consta de 4 trípticos, que representan unha dimensión da sorte:

- SORTE MÍSTICA: Orballo, Pálpito & Fluido.
- SORTE ÉPICA: Ideas, Travesía & Victoria.
- SORTE ÍNTIMA: Desencanto, Desexo & Lúa.
- SORTE LÚDICA: Amencida, Calma & Retorno.

JOANA GOMILA, LALI AYGUADÉ, MAGÍ SERRA, LAIA VALLÈS, SANTI CARETA

‘SA MATEIXA’

Teatro Principal
25 de marzo
20.00 h

45 minutos
12 € (50% para colectivos habituais)

Lali Ayguadé, danza
Joana Gomila, voz
Magí Serra, danza
Laia Vallès, teclado e electrónica
Santi Careta, guitarra e electrónica

Xotas, cassettes, ibiza-trips, electro-tonadas, cantos. En Sa Mateixa, dous bailaríns e tres músicos atoparon unha linguaxe común que le o pasado para levalo cara o presente. A través dunha fotografía familiar dispárase un percorrido cara a tradición desde a contemporaneidade. Con sensibilidade, poesía e humor debúxanse e desdebúxanse as tonadas e a electrónica, a polca, a xota, o campo e a cidade, o xogo e o ritual, a espontaneidade da vida e a presencia eterna dos ancestros.

Este espectáculo, ao igual que o de FAIA, enmárcase dentro das xornadas ‘O que non se escribe. Arquivos Sonoros e Creación Contemporánea’. Son unhas xornadas de aprendizaxe e experimentación sobre o noso patrimonio sonoro, unha posta en común dos proxectos máis actuais arredor da música tradicional desde unha óptica tan propia como global. Un proxecto único que pon por primeira vez no foco o proceso desde o máis antigo ao máis contemporáneo sen enredar nas voltas ou despistarse no intermedio. O que fomos, o que somos e o que tendemos a ser como país musical. Charlas, paseos, escoitas e obradoiros completan o programa, xunto aos dous concertos.

FAIA presenta un novo espectáculo, que é en realidade unha evolución, un paso máis no seu proceso de creación desde o primeiro disco. Os ritmos e melodías tradicionais buscan outros camiños a través da voz, movéndose entre o íntimo, o que se di e o que se silencia. É un traballo en construción, do que tirar do fío nun proceso continuo. Neste caso, a escena servirá de casa, de refuxio onde reflexionar sobre o poder da transmisión no ámbito do doméstico, na herdanza. Aberta cara o experimental, a música atopa eco noutras disciplinas e dialoga nunha dimensión máis plástica. Como unha constante no seu traballo, a muller volve ser a protagonista, portadora dunha identidade rica, xenuína e diversa.

Faia Díaz Novo (Santiago de Compostela, 1988) é cantante e licenciada en Historia da Arte pola USC. É fundadora e integrante do grupo musical De Vacas desde 2015, do Coro Encaixe desde o 2016 e da compañía A Patacón desde 2017. Desde 2020 forma tamén parte, xunto a Nacho Muñoz e LAR Legido, dunha formación na que revisan o repertorio do Zeca Afonso desde unha óptica contemporánea e experimental.

No 2019 viu a luz o seu primeiro traballo discográfico en solitario, 'Ao cabo leirín', unha autoedición en vinilo na que presenta unha selección de arquivos tradicionais transmitidos por mulleres e reinterpretados por ela soa en diferentes espazos sonoros, baixo a produción e o deseño de son do Hevi (Fluzo, Malandrómeda). 'Ao cabo leirín' foi seleccionado como terceiro mellor álbum estatal de raíz do 2019 pola revista Mondosonoro e finalista a mellor proxecto de música tradicional nos Premios Martín Códax da Música 2020. Para o directo deste traballo acompañouse do músico Benxamín Otero.

Este concerto, ao igual que o espectáculo 'Sa Mateixa', enmárcase dentro das xornadas 'O que non se escribe. Arquivos Sonoros e Creación Contemporánea'.

FAIA

Teatro Principal
26 de marzo
20.00 h

70 min
12 € (50% para colectivos habituais)

SUMRRÁ

'7 VISIÓNS'

Teatro Principal
16 de abril
19.30 h

Tras 21 anos xuntos e centos de concertos por medio mundo, o trío de jazz galego máis internacional presenta o seu sétimo disco 'Sumrrá 7 visións', un novo traballo discográfico que supón a consolidación dunha forma de entender a música ao vivo única. Unha madurez e unha frescura case inconcibible hoxe en día, que fan do trío de Jazz galego un grupo de culto que foi sumando adeptos ao longo de todos estes anos, a través dos seus disco, dos seus concertos e das súas xiras por todo o mundo.

Neste último álbum, SUMRRÁ fai o exercicio tan inspirador de coller perspectiva, e repensar, a través da música a súa propia existencia. Os tres músicos afincados en Compostela miran con novos ollos ao 'Sapiens Sapiens', ao 'Espazo interior' ou a 'Ra'. Reflexionan sobre a súa posición na 'Periferia Universal', ou a eterna danza das 'Forzas Gravitatorias'. Contan a través da súa música que foi o que aconteceu '13.700 millóns de anos despois' ou por que son 7 os graos que separan 'Asuán de Alexandría'. Un resultado tan sorprendente como revelador. '7 visións' lúcidas, irresistibles, xeniais... O mellor álbum de SUMRRÁ xa está aquí.

---

75 min
12 € (50% para colectivos habituais)

Manuel Gutiérrez, piano
Xacobe Martínez Antelo, contrabaixo
LAR Legido, batería

GUADI GALEGO

‘COSTURAS’

Auditorio de Galicia
23 de abril
20.30 h

70 min
12 € (50% para colectivos habituais)

Guadi Galego, voz e teclados
Guillerme Fernández, guitarra eléctrica
Isaac Palacín, batería electrónica
Roberto Grandal, acordeón Midi
Rubén Iglesias, baixo e sub
Paula Romero, coros

‘Costuras’ recompila 10 cancións de Guadi Galego e Carlos Abal que viaxan desde mundos asociados á súa infancia ata o presente máis duro e á vez esperanzador, onde a autora se amosa tal como é. Tres colaboracións compoñen o disco: dúas poetas, Antía Otero e Marina Oural, e unha cantante, a catalá Paula Grande. A produción musical, a cargo de Olivera Estudi, dá un novo aspecto ás creacións de Guadi, entrando en campos electrónicos, sen esquecer a parte máis orgánica, creando texturas únicas dentro do pop.

Guadi Galego é unha das artistas máis relevantes da escena galega actual, froito dunha andaina musical que comezou sendo moi nova. En 1997 entra en Berrogüetto como vocalista, pianista e gaiteira, e grava con eles tres discos. Despois experimentou con diversas sonoridades en formacións como o seu proxecto máis íntimo e persoal, Espido (con Guillerme Fernández) ou Nordestin@s (con Abe Rábade e Ugia Pedreira). Finalmente, no 2009 sae á luz ‘Benzón’, álbum aclamado pola crítica galega e española co que inicia a súa carreira en solitario, sen deixar de participar noutros proxectos, como aCadaCanto con Guillerme Fernández, Xabier Díaz e Xosé Lois Romero. No 2014 ve a luz o seu segundo traballo en solitario, ‘Lúas de outubro e agosto’, e no 2016’ sae o terceiro, ‘O mundo está parado’. No 2019 estreou ‘Immersion’, unha relectura musical e lingüística das súas obras máis recentes e tras unha xira e un ano marcados pola pandemia, Guadi Galego lanza ‘Costuras’.

ANA TIJOUX

'ANTIFA DANCE'

Auditorio de Galicia
29 de maio
20.30 h

80 min
14 € (50% para colectivos habituais)

Ana Tijoux, iniciada no hip-hop, atravesa as fronteiras do xénero e moitas outras grazas á súa poderosa traxectoria, que a converteu na figura chilena de maior relevancia internacional da súa xeración. Con cinco discos gravados desde 2007, unha axenda de tours e festivais por mais de quince países de América e Europa desde 2009, colaboracións con figuras globais como a mexicana Julieta Venegas, o uruguaio Jorge Drexler ou a palestiniana Shadia Mansour, un Grammy Latino en 2014 e outras seis nominacións aos premios Grammy e Grammy Latino son algúns dos destaques dunha carreira onde a conciencia política está sempre presente no discurso e na acción.

O rebentar da crise social en Chile en outubro de 2019 non deixou a Ana indiferente e respondeu a tempo e coa coherencia que a caracteriza lanzando rapidamente o seu #cacerolazo, unha explosión de acción sonora que apela ao movemento e á danza como resposta de rebeldía alegre contra a inxustiza do sistema e a represión do Estado. Iniciase así unha nova manifestación creativa que a levou a dar o nome ao disco que lanzou en outubro de 2020: 'Antifa Dance', un exercicio sonoro furiosamente actual, repleto de ritmos urbanos que non esquecen as súas raíces, como as árbores que conquistan o seu espazo entre o asfalto das cidades.

Ana volta ao rap, á palabra, ao internacionalismo que nos é reclamado pola emerxencia mundial, a ser unha para todas e todas para unha, á loita antifascista que, por moi incrible que pareza, volta a ser necesaria. Este novo disco pretende ser un abrazo honesto para todas as persoas que sofren as inxustizas deste sistema e loitan contra elas. Estas cancións son unha homenaxe e unha inxección de ánimo para todas elas.

ORTIGA & GRANDE AMORE

‘LOS RASTREADORES’

4 de xuño
20.30 h
Auditorio de Galicia

50 min
12 € (50% para colectivos habituais)

Poucos grupos teñen menos que ver entre si, no apartado musical, que Ortiga e Grande Amore. E poucos grupos comparten entre si unha visión tan estreita das cousas que lle gustan da música como Ortiga e Grande Amore. É algo difícil de explicar pero, cando pasa, nótase perfectamente. E en ‘Los Rastreadores’ nótase, porque ‘Los Rastreadores’ son froito da unión dun tipo das Fontiñas que flipaba con MC Pikachu e Estopa, e outro de Frexulfe que está sempre con Suicide e Extremoduro metidos na cabeza: é todo o pop e todo o punk que podería ser.

Nos seus seis cortes, ‘Los Rastreadores’ teñen elementos de techno, de rumba, de ritmos latinos, de rap… porque para iso están feitos, para que recollan todos os elementos que a eles sempre lles encanta atopar na música que lles transmite algo. O normal sería que a música que un fai fose sempre así, pero non. De feito, case nunca o é. Por iso a eles lles apaixona tanto este EP, porque ningún deles podería facelo por separado, e porque o máis normal sería que un proxecto como este nunca chegase a existir, como a maioría das cousas que lles gustan tanto.

Fatoumata Diawara presenta o seu novo disco, 'Fenfo', cuxo significado aproximado viría a ser "algo que dicir". O álbum, continuación de 'Fatou', o seu aclamado disco de debut, foi gravado en Mali, Burkina Faso, Barcelona e París.

Considerada como unha das máis vitais adaís da música africana moderna, Fatoumata Diawara leva a súa arte a novas e excitantes alturas neste seu novo traballo. Claramente experimental, aínda que respectuoso coas súas raíces, 'Fenfo' é un disco que a define como a voz das mozas africanas, orgullosa da súa herdanza, pero cunha visión que mira decididamente ao futuro cunha mensaxe universal.

Diawara traballou con algúns dos máis grandes nomes da música contemporánea e tamén ten unha carreira de éxito como actriz, incluíndo unha aclamada aparición no 'Timbuktu (Le chagrin des oiseaux)', film de 2014 que recibiu nominacións tanto aos BAFTA como aos Oscar, ao tempo que traballa de forma valente como activista social, facendo campaña contra o tráfico e venda de migrantes negros nos mercados de escravos Libios.

Ao igual que no seu disco de debut, que traspasou as fronteiras musicais para colarse en gran parte das listas do mellor do ano nas revistas de rock máis populares, 'Fenfo' é un disco que non coñece límites. A modernidade das punzantes liñas de guitarra combinan coas primitivas cordas do kora africano e o kamel ngoni; as caixas de ritmos fusiónanse cos atemporais ritmos da percusión tradicional. Moderna narradora de historias, as once cancións de 'Fenfo' cobren suxeitos atemporais como o respecto, a humillación, o amor, a migración, a familia, e como construír un mundo mellor para os nosos fillos. "Este traballo expresa como me sinto e como quero sonar", afirma Fatoumata, "é un disco que di quen son".

FATOUMATA DIAWARA

'FENFO'

Auditorio de Galicia
10 de xuño
20.30 h

---

90 min
14 € (50% para colectivos habituais)

Febreiro 2021

ABE RÁBADE TRÍO	**'Sorte'**	Teatro Principal 24 de febreiro 19.30 h	12 € (50% para colectivos habituais). 75 min

Marzo 2021

JOANA GOMILA, LALI AYGUADÉ, MAGÍ SERRA, LAIA VALLÈS, SANTI CARETA	**'Sa Mateixa'**	Teatro Principal 25 de marzo 20.00 h	12 € (50% para colectivos habituais)
FAIA		Teatro Principal 26 de marzo 20.00 h	12 € (50% para colectivos habituais)

Abril 2021

SUMRRÁ	**'7 visións'**	Teatro Principal 16 de abril 19.30 h	12 € (50% para colectivos habituais)
GUADI GALEGO	**'Costuras'**	Auditorio de Galicia 23 de abril 20.30 h	12 € (50% para colectivos habituais)

Maio 2021

ANA TIJOUX	**'Antifa Dance'**	Auditorio de Galicia 29 de maio 20.30	14 € (50% para colectivos habituais)

Xuño 2021

ORTIGA & GRANDE AMORE	**'Los Rastreadores'**	4 de xuño 20.30 h Auditorio de Galicia	12 € (50% para colectivos habituais)
FATOUMATA DIAWARA	**'Fenfo'**	Auditorio de Galicia 10 de xuño 20.30 h	14 € (50% para colectivos habituais)

VENDA DE ENTRADAS

CANDO?

A propia semana do espectáculo desde as 10.00 h do luns na web e no horario habitual no despacho de billetes.

ONDE?

compostelacultura.gal

Despacho de billetes do Teatro Principal. Aberto de martes a sábado (+ días de evento) de 18 a 21 h. Se o concerto é fóra dese horario, o despacho abrirá unha hora e media antes do seu inicio.

Nos espectáculos do Auditorio de Galicia, tamén no despacho de billetes do Auditorio de Galicia desde 1 hora e media antes do inicio dos mesmos.

DESCONTOS E ENTRADAS ESPECIAIS

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Debido á situación actual provocada pola pandemia orixinada polo COVID-19, en calquera momento poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto, así como os horarios dos espectáculos, segundo as indicacións sanitarias de cada momento.

Pregamos se contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal

PROTOCOLO DE ACCESO A ESPECTÁCULOS EN ESPAZOS PECHADOS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Será de aplicación a normativa vixente en cada momento e, así mesmo, a cabida dos espazos está limitada ao que recolla a orde vixente no momento do espectáculo.

O acceso dos espectadores estará condicionado en todo caso sempre a:

- Uso obrigatorio de máscara
- Desinfección de mans
- Distancia mínima de 1,5 m entre persoas
- Entrada e saída das instalacións de forma graduada mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. Para iso, o control de acceso realizarase mediante os postos de tiqueo desatendido que permitirán que cada persoa que acceda poida ticar a súa entrada sen contacto físico e mantendo a distancia de seguridade.

Se presenta algún síntoma relacionado coa COVID-19, pregamos non acceda ás instalacións.

Compostela
Cultura

CompostelaCultura
CCultura
CompostelaCultura
CompostelaCulturaTV
compostelacultura.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

Deputación DA CORUÑA

CONSORCIO DE SANTIAGO